

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12869 *Real decreto 1097/2011, do 22 de xullo, polo que se aproba o Protocolo de intervención da Unidade Militar de Emerxencias.*

A nosa sociedade moderna, plural nos seus servizos ao cidadán e complexa na súa organización, vese afectada por múltiples riscos que poñen de manifesto a súa vulnerabilidade. De aí que unha exixencia indeclinable sexa manter un sistema de alerta e previsión para garantir a seguridade das persoas e dos seus bens, co fin de preservala contra as catástrofes e calamidades que a poñan en perigo.

A Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil, estableceu un sistema mediante o cal todas as administracións se coordinaban na prevención e na loita para afrontar situacións de emerxencia. Para lograr unha maior eficacia neste obxectivo, a normativa que desenvolve a prestación do servizo de protección civil experimentou modificacións puntuais.

A garantía da seguridade das persoas e dos seus bens, cando unha catástrofe ou calamidade as poñen gravemente en perigo, é responsabilidade de todas as administracións públicas, polo que a revisión dos seus criterios informadores e dos servizos específicos con que todas elas contribúen nesta materia requiren unha permanente alerta e a organización de medidas que dean unha resposta rápida, enérxica e eficaz aos riscos afrontados.

Neste sentido, a Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, no seu artigo 15.3 estableceu como unha das misións das Forzas Armadas preservar a seguridade e o benestar dos cidadáns nos supostos de grave risco, catástrofe, calamidade ou outras necesidades públicas conforme o establecido na lexislación vixente. Con isto, tendo en conta as experiencias nacionais e internacionais pasadas e recentes, España pretendeu pórse en vangarda na organización fronte ás situacións de emerxencia, dispoñendo de instrumentos estatais operativos con que facerlles fronte. Trátase de contribuír, por tanto, nas actuais condicións dos recursos con que conta o noso país, a ofrecer unha resposta adecuada á magnitude dos riscos de accidentes, calamidades ou desgrazas públicas que ameazan a sociedade.

De acordo coa misión atribuída ás Forzas Armadas por esta lei orgánica, o Acordo do Consello de Ministros do 7 de outubro de 2005 creou a Unidade Militar de Emerxencias, en diante UME, como forza conxunta composta por persoal das Forzas Armadas, con capacidade para despregarse ordenadamente sobre o terreo, concentrando medios operativos en pouco tempo e dispoñendo de modo permanente de persoal altamente cualificado e con adestramento específico para intervir de forma inmediata en situacións de grave emerxencia.

Tras a aprobación do Real decreto 416/2006, do 11 de abril, polo que se establece a organización e o despregamento da Forza do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, así como da Unidade Militar de Emerxencias, e o desenvolvemento dos esforzos necesarios para a pór en funcionamento, era preciso regular as condicións de intervención da UME co obxectivo de dotar esta unidade do marco normativo que lle sirva de eficaz instrumento para o satisfactorio cumprimento da misión que se lle encomendou.

Para tal efecto ditouse o Real decreto 399/2007, do 23 de marzo, polo que se aprobaba o Protocolo de intervención da UME. Porén, tras a anulación deste real decreto por Sentenza do Tribunal Supremo do 4 de novembro de 2008, por se teren omitido os informes da Comisión Nacional de Protección Civil e do Consello de Estado, faise preciso proceder á aprobación dun novo protocolo de intervención.

Neste sentido, a normativa contida no protocolo de intervención aprobado por este real decreto ten como finalidade asegurar o mantemento da operatividade da UME, salvagardando os principios de unidade, disciplina e xerarquía que informan o conxunto

das Forzas Armadas, e establecer as regras imprescindibles para a súa coordinación cos medios das restantes administracións públicas que poidan ser mobilizados en función de cada emerxencia.

Todo isto se fai, polo demais, no marco operativo deseñado pola Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil, que lle atribúe ao ministro do Interior a condición de autoridade superior en materia de protección civil e, en consecuencia, lle outorga a facultade de dispor a mobilización dos recursos do Estado cando a intensidade das situacións de emerxencia así o exixa ou cando así o soliciten as comunidades autónomas. Tamén lle corresponde ao ministro do Interior a facultade de declarar de interese nacional unha determinada situación de emerxencia, nos termos previstos na norma básica de protección civil, aprobada polo Real decreto 407/1992, do 24 de abril. O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de acordar a intervención da UME no ámbito das instalacións de titularidade da Administración do Estado ou entidades do sector público estatal.

Na súa tramitación solicitáronse os informes preceptivos da Comisión Nacional de Protección Civil e do Ministerio de Política Territorial.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Defensa, do Interior, de Fomento, de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e da Presidencia, de acordo co Consello do Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de xullo de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Protocolo de intervención da Unidade Militar de Emerxencias.*

Apróbase o Protocolo de intervención da Unidade Militar de Emerxencias (UME), cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional primeira. *Encadramento orgánico da UME.*

A UME encádrase organicamente no Ministerio de Defensa e depende do ministro de Defensa.

Disposición adicional segunda. *Medios aéreos de loita contra incendios.*

1. Os medios aéreos de loita contra incendios operados polo 43.º Grupo de Forzas Aéreas adscribíense organicamente ao Ministerio de Defensa e funcionalmente ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que decidirá sobre a súa utilización.

2. Cando a UME participe nunha operación de emerxencia declarada de interese nacional poderá requirir e ordenar a inmediata posta á disposición do seu operativo dos medios aéreos de loita contra incendios do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, cuxo mando corresponderá á UME.

3. Os ministerios de Defensa e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño formalizarán un convenio de colaboración para establecer as condicións de atención por parte do Ministerio de Defensa ás necesidades de operatividade, mantemento e dispoñibilidade dos medios aéreos de loita contra incendios dos cales é titular o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. Neste convenio poderanse acordar as condicións de coordinación e complementariedade dos medios aéreos do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño co conxunto de medios da UME.

4. Os créditos necesarios para o mantemento e operación dos hidroavións a que fai referencia o número 1 manteranse no orzamento do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Disposición adicional terceira. *Accións para mellorar o funcionamento da UME.*

O Ministerio de Defensa, no ámbito das súas competencias, poderá subscribir aqueles concertos, convenios de colaboración, acordos técnicos ou encomendas de xestión que coadruven ao mellor e máis eficaz funcionamento da UME, cos distintos órganos das administracións públicas, así como con organismos e empresas establecidas no sector

de subministracións ou calquera outro que puiden ter relación coas diversas situacións de emerxencia.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido por este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.29.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

1. Facúltanse os ministros propoñentes para ditaren conxunta ou individualmente no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

2. Facúltase o ministro de Defensa para ditar as disposicións que sexan necesarias para regulamentar as condicións operativas que resulten de aplicación á participación da UME en operacións no exterior.

3. Facúltase o ministro de Defensa para ditar as normas que regulen o encadramento, a organización e o funcionamento da UME no ámbito do seu departamento.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de setembro de 2011.

Dado en Madrid o 22 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO

Protocolo de intervención da Unidade Militar de Emerxencias

Primeiro.

1. A Unidade Militar de Emerxencias, en diante UME, ten como misión intervir en calquera lugar do territorio nacional para contribuír á seguridade e benestar dos cidadáns, xunto coas institucións do Estado e coas administracións públicas, nos supostos de grave risco, catástrofe, calamidade ou outras necesidades públicas, conforme o establecido na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional; na Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil e no resto da lexislación vixente.

2. A UME é unha unidade integrante das Forzas Armadas que intervirá de conformidade co disposto neste protocolo.

3. Para o desempeño das súas misións, a UME poderá utilizar efectivos e medios doutras unidades das Forzas Armadas, nos casos en que resulte necesario, de acordo co procedemento que estableza o Estado Maior da Defensa.

Segundo.

1. As actuacións operativas que desempeñará a UME centraranse fundamentalmente na adopción de medidas encamiñadas a salvagardar, protexer ou socorrer a vida e a integridade das persoas e dos seus bens, o ambiente, os espazos naturais e os seus recursos e o patrimonio histórico-artístico.

2. As actuacións operativas da UME concréntanse na planificación, o adestramento e a intervención. Só realizará os labores de prevención que sexan necesarios para facer fronte a unha emerxencia declarada.

Terceiro.

1. A intervención da UME poderá ser ordenada cando algunha das seguintes situacións de emerxencia se produza con carácter grave, independentemente de que se trate dunha emerxencia de interese nacional ou non:

a) As que teñan a súa orixe en riscos naturais, entre elas inundacións, enchentes, terremotos, correntos de terreo, grandes nevadas e outros fenómenos meteorolóxicos adversos de gran magnitude.

b) Os incendios forestais.

c) As derivadas de riscos tecnolóxicos, e entre eles o risco químico, o nuclear, o radiolóxico e o biolóxico.

d) As que sexan consecuencia de atentados terroristas ou actos ilícitos e violentos, incluíndo aqueles contra infraestruturas críticas, instalacións perigosas ou con axentes nucleares, biolóxicos, radiolóxicos ou químicos.

e) A contaminación do ambiente.

f) Calquera outra que decida o presidente do Goberno.

2. Exclúense do ámbito de actuación da UME as emerxencias no mar, sen prexuízo de que en circunstancias excepcionais se poida acordar a súa intervención, por proposta do ministro de Fomento, de conformidade co disposto neste protocolo.

Cuarto.

1. Nas situacións de emerxencia que se produzan con carácter grave, relacionadas no punto 1 do número anterior, que non sexan declaradas de interese nacional, as autoridades autonómicas competentes en materia de protección civil poderán solicitar do Ministerio do Interior a colaboración da UME.

2. O Ministerio do Interior, valorada a dimensión da emerxencia e os medios dispoñibles para facerlle fronte, así como os principios de complementariedade e subsidiariedade previstos na normativa vixente en materia de protección civil, solicitará do Ministerio de Defensa a intervención da UME.

3. O ministro de Defensa, por delegación do presidente do Goberno, ordenará a intervención da UME por proposta do ministro do Interior.

4. A UME deberá axustar a súa actuación ao establecido na lexislación vixente en materia de protección civil, e especialmente no relativo á distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas.

5. A decisión pola que finalice a intervención da UME nunha concreta situación de emerxencia deberá ser adoptada polo ministro de Defensa, por proposta do ministro do Interior e oídas as autoridades que solicitaron a súa intervención.

6. O inicio e a finalización da intervención da UME serán notificadas polo Ministerio de Defensa ao Centro Nacional de Xestión de Crise da Presidencia do Goberno.

Quinto.

1. Os ministros titulares do departamento correspondente ou, se é o caso, os presidentes ou directores das entidades do sector público estatal, poderán solicitar do Ministerio de Interior a intervención da UME, de acordo co procedemento establecido nos puntos 2 e 3 do número anterior, co fin de garantir a integridade e o adecuado funcionamento das instalacións, edificios, infraestruturas e establecementos que teñan adscritos, nos supostos previstos no punto terceiro.1, en coordinación co plan de protección civil que corresponda.

2. Cando a UME interveña en instalacións, edificios, infraestruturas ou establecementos de titularidade do Ministerio de Defensa, informarase o Ministerio do Interior.

3. O Ministerio do Interior alertará da emerxencia as autoridades autonómicas de protección civil competentes por razón do territorio en que se encontren as instalacións, edificios, infraestruturas ou establecementos afectados e informaraas das intervencións acordadas conforme este punto.

Sexto.

1. Os efectivos da UME actuarán sempre encadrados e dirixidos polos mandos da unidade, tendo en conta o establecido no punto cuarto.4.

2. En todos os casos en que interveña a UME, un dos seus mandos integrarase no centro de coordinación operativa desde o cal se dirixa a emerxencia de que se trate, de acordo co previsto no artigo 4.d) da norma básica de protección civil, aprobada polo Real decreto 407/1992, do 24 de abril.

Sétimo.

Nos supostos de emerxencias declaradas de interese nacional, e para o caso en que se decida a intervención da UME conforme o establecido neste protocolo, a dirección e coordinación operativa das actuacións que se realizarán na zona sinistrada no ámbito da protección civil corresponderá ao xefe da UME baixo a dependencia do Ministerio do Interior, conforme o disposto no artigo 9 da norma básica de protección civil, sen prexuízo das competencias das forzas e corpos de seguridade do Estado en materia de seguridade pública.

Oitavo.

1. A UME poderá utilizar medios públicos e privados para o cumprimento das misións asignadas e mentres dure a súa intervención, cando así o dispoñan os plans de protección civil ou o determine a autoridade competente da emerxencia e de conformidade coa lexislación vixente.

2. As indemnizacións e os resarcimentos que procedan polas actuacións sobre os bens a que se refire o punto anterior rexeranse polo disposto na lexislación vixente sobre a materia.

Noveno.

1. Co fin de que a UME poida cumprir satisfactoriamente as misións asignadas, a Administración xeral do Estado facilitaralle o acceso ás redes e aos sistemas de alerta e emerxencias existentes.

2. Co mesmo obxectivo, o Ministerio de Defensa subscribirá coas comunidades autónomas os acordos de colaboración necesarios para o acceso da UME ás súas redes de alerta e emerxencia.

Décimo.

Os membros da UME, no exercicio das súas funcións, terán o carácter de axentes da autoridade segundo o previsto na disposición adicional terceira da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Décimo primeiro.

Os plans estatais de protección civil incorporarán a UME nas súas previsións organizativas e de intervención en emerxencias, de conformidade co disposto neste protocolo.